

hai 4 horas | [Cultura](#) |

Ferrín presenta hoxe a súa dimisión entre varias voces que lle piden que siga na RAG



Miguel Pardo | [@depunteirolo](#)

A Real Academia Galega (RAG) vivirá hoxe un pleno decisivo. Xosé Luís Méndez Ferrín, actual presidente, presentará oficialmente a súa dimisión como presidente logo de anunciar a súa intención de deixar o cargo hai tan só unhas semanas. **Farao entre a tensión xurdida con algúns dos membros da institución e as peticións doutros -liderados por Manuel Rivas- para que esgote o seu mandato.** Malia que Ferrín ten a decisión tomada, as súas últimas declaracións abriron a porta a unha marcha atrás na súa postura, que implicaría tamén a renuncia á cadeira vitalicia que ocupa desde hai trece anos. "Sempre se pode cambiar de opinión", manifestou a pasada semana.

Será ás 18 horas cando comece **un plenario ordinario cuxa orde do día inclúe a dimisión do presidente, pero onde tamén se debaterá sobre o protocolo levado a cabo para as contratacións na Academia,** así como as contas anuais da insitución. Será logo de que varios académicos reclamasen maior transparencia en ambos os dous ámbitos e de que o secretario da RAG, Xosé Luís Axeitos, criticase con dureza ao ILG e a Consello da Cultura Galega, ambos os dous organismos amplamente representados no plenario.

Agárdase un plenario tenso polas diferenzas entre académicos e no que haberá varias peticións para que Ferrín considere a súa decisión de dimitir. Déixao claro Manuel Rivas este mércores a través dunha carta que lle escribe a Xesús Alonso Montero en *La Voz de Galicia* e en resposta ao texto que este publicara hai unhas semanas dirixíndose ao novelista. **"Posto todo na balanza, o resultado da xestión é moi positivo. Niso hai unanimidade. É hora de construír pontes. De recompoñer a confianza básica",** asegura Rivas, que defende a "independencia" e "autonomía" da institución, así como a presentación dos recursos contra o decreto do plurilingüismo, unha decisión que causou fracturas entre os académicos.

"A independencia (da Academia) coa presidencia de Ferrín púxose a proba co recurso ante os tribunais polo chamado decreto de plurilingüismo. A RAG cumpriu co seu deber e mostrouse como unha ferramenta utilísima, en defensa do valor patrimonial galego, que non defende o seu Goberno", asegura Rivas, que defende a postura adoitada pola institución á hora de recorrer, tamén ante o Supremo, a polémica norma e pedir a súa anulación.

"Xa abonda de cainismo, de facer churrasco de bos e vitela de xenerosos. A Academia ten que ser verbívora. Alimentarse de verbas. Un almeiro das palabras. E o que hai que levar nos dentes é a esperanza. Creo que aí nos encontraremos, profesor", dille Manuel Rivas a Alonso Montero. **Pero non foi o de Rivas o único apoio que recibiu Ferrín para que continuase na presidencia e na propia Academia.** Houbo máis académicos, así como a AELG e o Pen Clube, aos que se uniron nos últimos días a Fundación López Abente e o Instituto de Estudos Miñoranos.

Vinte e catro académicos e catro académicas reuniranse a partir das 18 horas nunha xuntanza que se prevé intensa e longa. Ao seu remate, saberase se hai ou non presidente.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

SENTENZA DO DECRETO ▼ hai 2 días | [Cultura](#) |

[A RAG recorre ao Supremo a sentenza do TSXG e pide a anulación "total" do decreto](#)

hai 4 días | [Cultura](#) |

[Ferrín advirte de que "sempre se pode cambiar de opinión"](#)